

DECRETO

Resolución de ordenación do pago e citación levantamento actas de pago/consignación e ocupación no proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución do PEID para dotación escolar no Milladoiro.

EXPEDIENTE Nº: 2018/213/000006

I.- Normativa aplicable

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, LSG.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, RLSG.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, LPACAP.
- RD 1093/97, do 4 de xullo, polo que apróbanse as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Lei do 16 de decembro de 1954 de Expropiación forzosa, LEF.
- Decreto do 26 de abril de 1957, polo que apróbase o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, REF.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, LBRL.

II.- Feitos e consideracións legais

▪ Na data do 29 de novembro do 2018 a Xunta de Goberno Local adoptou acordo polo que, entre outros extremos, aproba definitivamente o expediente de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a adquisición dos bens e dereitos necesarios para a execución do Plan Especial de Dotacións para equipamento escolar no Milladoiro, promovido de oficio polo Concello, en base ao derradeiro documento do proxecto de expropiación redactado polo arquitecto Isidro López Yáñez e a enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois de data 14 de novembro do 2018 e fixar como xustiprezo o recollido no devandito proxecto.

No devandito acordo requiriuse aos propietarios/titulares actuais de bens e dereitos afectados a achega dos seus títulos nos casos nos que non coinciden estes cos propietarios/titulares que constan no Rexistro da Propiedade. sen que a data da presente conste a presentación dos mesmos.

▪ De conformidade co artigo 118 da LSG, o acordo de aprobación definitiva do expediente implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados e o pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto (artigo 118.11 da Lei 2/2016).

▪ O acordo de aprobación definitiva do proxecto de expropiación referido no primeiro parágrafo gaña firmeza mediante a resolución dos recursos de reposición interpostos contra a mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado o 14 de marzo do 2019, no que así mesmo acordouse formalizar as actas de ocupación e pagamento ou consignación para proceder a inscrición rexistral das parcelas incluídas no ámbito. Así mesmo, nese acto facultábase ao Alcalde para cantas actuacións de trámite foran precisas para a execución do acordado.

▪ Polo exposto, cómpre fixar a data na cal se procederá ao levantamento das correspondentes actas de pagamento e ocupación, de conformidade cos artigos 49 e 55 do REF e demais que resulten de aplicación.

En consecuencia, procede convocar e citar os posibles titulares dos bens e dereitos afectados por este expediente para proceder ao levantamento das actas de pagamento e ocupación que se efectuará no Concello de Ames, sito na Praza do Concello N° 2, 15220 Bertamiráns – Ames (A Coruña) no día e hora que se sinala, así como ordenar o pagamento do xusto prezo.

No expediente en cuestión figura a información necesaria relativa á acreditación das titularidades de dereitos que serven de soporte para a citación segundo o cadro que figura no anexo.

Así mesmo, para o levantamento das actas de pagamento e ocupación deberá terse en conta o seguinte:

– Que o pagamento do prezo xusto só se fará efectivo, consignándose no caso contrario, aos interesados que acrediten a súa titularidade. Para tal efecto, estarase ao titulares de bens e dereitos afectados que constan no Rexistro da Propiedade (segundo a certificación de dominios e cargas emitida polo Rexistro da Propiedade ao inicio do procedemento expropiatorio).

Nos casos nos que non coincidan os titulares rexistrais de bens e dereitos afectados cos titulares actuais, para que se efectúe o pagamento a favor destes últimos, deberán presentar no Concello os títulos xustificativos do seu dereito. O prazo de presentación dos títulos será dende o día seguinte ao de notificación da resolución da citación para o levantamento das actas de pago e ocupación ata os cinco días anteriores á da data sinalada para o levantamento das actas de pago e ocupación. .

Se existen cargas deberán comparecer os seus titulares.

– Que se a persoa expropiada non quere aceptar o pagamento, ou existe contenda, ou títulos contraditorios respecto á titularidade do ben ou dereito expropiado, ou cando o ben estivera gravado con cargas ou dereitos reais inscritos no Rexistro da Propiedade e non compareceran no acto os titulares dos mesmos, ou en xeral se concorre algún dos supostos do artigo 51 do Regulamento da LEF, consignarase o importe do prezo xusto na Caixa Xeral de Depósitos.

– Que para o cobramento do prezo xusto cómpre a comparecencia do interesado por sí mesmo ou debidamente representado por persoa con poder suficiente. No caso de que o predio ou dereito expropiado pertenza a varias persoas é necesario a comparecencia de todos eles, por sí mesmos ou debidamente representados con acreditación de poder suficiente.

Ao acto deberán asistir os expropiados persoalmente (no caso de copropiedade, todos os copropietarios e, no caso de tratarse dun ben de carácter ganancial, ambos membros do matrimonio) ou ben representados por persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, aportando os seguintes documentos:

- Documento Nacional de Identidade do expropiado.
- No caso de comparecencia a través de representante legal, poder suficiente, outorgado por escrito, de modo fehaciente e con carácter especial para este trámite. Neste suposto, DNI do representante.

Polo exposto, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 f) LBRL e demais normativa de aplicación, procede adoptar a RESOLUCIÓN seguinte :

Primeiro.- Ordenar o pagamento das cantidades correspondentes aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran no anexo e, no seu caso, a consignación dos prezos xustos, segundo a valoración establecida no Proxecto de Expropiación por taxación conxunta para a adquisición dos bens e dereitos necesarios para a execución do Plan Especial de dotacións para a implantación dun dotacional educativo no Milladoiro, aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local do 29 de novembro do 2018.

Nos casos nos que non coincidan os titulares rexistrados de bens e dereitos afectados cos titulares actuais, para que se efectúe o pagamento a favor destes últimos, deberán presentar no Concello os títulos xustificativos do seu dereito. O prazo para a presentación dos títulos será dende o día seguinte ao de recepción desta notificación, e ata os días días anteriores á data que se sinala para o levantamento das actas de pago e ocupación

Segundo.- Citar aos interesados relacionados no cadro anexo para que, no día e hora que se sinala, se personen no Concello de Ames, sito na Praza do Concello Nº 2, 15220 Bertamiráns – Ames (A Coruña) aportando a documentación indicada, a efectos do levantamento das correspondentes actas de pago e ocupación dos bens e dereitos afectados polo expediente de referencia.

Advertir que si os expropiados non acudiran a esta cita, non quixeran aceptar ese prezo xusto, ou en xeral se concorre algún dos supostos do artigo 51 do REF, o dito importe será consignado na Caixa Xeral de Depósitos. Este trámite habilitará ao concello de Ames para a inmediata ocupación do ben de que se trate.

Terceiro.- Someter o presente Decreto a publicación no BOP e na Web municipal para información dos interesados.

Cuarto.- Remítase a citación aos titulares de bens e dereitos afectados, e demais interesados no procedemento, coa indicación de que trátase dun acto de trámite non susceptible de recurso.

De conformidade co artigo 52.2 da Lei de Expropiación Forzosa, a citación realizarase cunha antelación mínima de oito días respecto á data sinalada para o levantamento da acta previa de pago e ocupación acta previa a la ocupación.

O Alcalde.-Jose M. Miñones Conde.- A Secretaria acctal.- Concepción Vilas Cantelar.- Asinado dixitalmente

ANEXO

FINCA N° (CONCENTRACION)	FINCA REXISTRAL	REF. CATASTRAL	TITULAR DCHO. EXPROPIADO S/ REGISTRO	% TITULARIDAD	PERSOASOS NO PROCEDEMENTO (interesados distintos do titular rexistral)	APORTACIÓN DE TÍTULOS POLOS INTERESADOS DISTINTOS DOS TITULAR REXISTRAL (SI/NON)	M2 EXPRO	IMPORTE TOTAL HOJA DE APREMIO	DISCONFIRMIDAD HOJA DE APREMIO (SI/NON)	GRAVAMEN FINCA	PAGAR/CONSIGNAR
1406	39839	15002A51501406000 0BW	J		----	----	1442 m ² solo 1442 m ² arboredo		NON	----	
1407	39841	15002A51501407000 0BA			----	----	2418 m ² solo 2418 m ² arboredo		SI		
1048	39843	15002A51501408000 0BB			----	----	3601 m ² solo 3601 m ² arboredo		SI	----	
1409	Non inscrita	15002A51501409000 0BY			----	----	282 m ² solo 282 m ² arboredo		NON	----	
1410	39845	15002A51501410000 0BA				NON	1500 m ² solo 1500 m ² arboredo		SI	----	
1411	39847	15002A515014110000 BB			----	----	1474 m ² solo 1474 m ² arboredo		SI	----	
1412	39849	15002A51501412000 0BY			----	----	1100 m ² solo 1100 m ² arboredo		SI	----	
1413	Non inscrita	15002A51501413000 0BG			----	----	251 m ² solo 251 m ² arboredo		NON	----	
1431	39885	15002A51501431000 0BI			----	----	2768 m ² solo 2768 m ² arboredo		NON	----	
1432	39887	15002A51501432000 0BJ			----	----	2683 m ² solo 2683 m ² arboredo		NON	----	
1433	39889	15002A51501433000 0BE				NON	1204 m ² solo 1204 m ² arboredo		SI	----	
1434	39891	15002A51501434000 0BS				NON	706 m ² solo 706 m ² arboredo		SI	----	
1435	39893	15002A51501435000 0BZ				NON	1261 m ² solo 1261 m ² arboredo		S	----	